Universidade de Vigo

**Selección do tipo de cláusula de protección de datos para convenios e determinación, de ser o caso, da documentación adicional necesaria**

<u>En todos os casos</u> debe haber unha primeira previsión de declaración de coñecemento e compromiso de cumprimento da normativa en protección de datos que a cada parte lle resulte aplicable (*parágrafo inicial dos modelos*).

Grao de implicación das partes respecto dos tratamentos de datos derivados da execución do convenio →

País ou territorio ao que pertence a outra parte asinante ↓

| | | O convenio prevé actuacións concretas que implican* tratamento de datos persoais de terceiras persoas | | |
|---|---|---|---|---|
| | O convenio é un **instrumento xenérico** que *aínda* non prevé actuacións concretas e esixibles (*polo que de momento só implica o tratamento dos datos persoais das persoas asinantes*) | As partes son **responsables do tratamento independentes** pois cada unha determina, no seu ámbito de actuación, fins e medios (**como salvagarda, aplicarase esta opción no caso de que o as prestacións do convenio non supoñan tratamento de datos de terceiros*) | Ambas partes actúan como **corresponsables do tratamento** porque determinan conxuntamente (*decisión común ou converxencia de decisións complementarias*) fins e medios de unha ou varias actividades de tratamento de datos persoais | Unha das partes é **encargado do tratamento** pois levará a cabo tratamento de datos persoais dos que a outra é responsable, por conta ou mandato desta e seguindo as súas instrucións |
| A outra parte asinante pertence ao **Espazo Económico Europeo** (UE, Noruega, Islandia e Liechtenstein) | **Modelo do Anexo V**, opción A | **Modelo do Anexo V**, opción B | **Modelo do Anexo V**, opción C + <u>acordo de corresponsabilidade</u> | **Modelo do Anexo V**, opción D + <u>CETDP</u> (*modelo da Instrución cando o terceiro é o encargado*) |
| A outra parte asinante pertence a un **país ou territorio que conta con declaración de adecuación** da Comisión Europea | **Modelo do Anexo VI**, opción A | **Modelo do Anexo VI**, opción B | **Modelo do Anexo VI**, opción C + <u>acordo de corresponsabilidade</u> | **Modelo do Anexo VI**, opción D + <u>CETDP</u> (*modelo da Instrución noso cando o terceiro é o encargado*) |
| A outra parte asinante pertence a un **terceiro estado distinto dos anteriores** | **Modelo do Anexo VII**, opción A | Independentemente do grao de implicación das partes e haxa ou non encargo, terase en conta a natureza xurídica (*consonte co seu ordenamento xurídico*) da outra parte:<br>Se é **entidade pública**: **Modelo do Anexo VII**, opción B + <u>acordo baseado nas Directrices 2/2020</u> do Comité Europeo de PD | | Se é **entidade privada**: **Modelo do Anexo VII**, opción C + <u>acordo baseado nas cláusulas-tipo</u> aprobadas pola Comisión Europea |

<u>En todos os casos</u> se debe haber unha previsión respecto da implicación do cumprimento e aplicación da normativa de transparencia respecto dos datos persoais das persoas asinantes do convenio (*parágrafo final dos modelos*).